



**RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA: CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE BRIGADA DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS.**

**EXPEDIENTE: 2020/G003/000912**

**ANTECEDENTES:**

O Concello de Coristanco, ven exercendo un papel de suma importancia na loita contra os incendios forestais. O obxecto deste novo expediente é a de contratación de persoal cualificado para levar a cabo esta obrigada labor preventiva.

Previamente o Concello asinou o correspondente convenio de colaboración coa Consellería do Medio Rural para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais durante o ano 2019 cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco do PDR de Galicia 2014-2020, que foi prorrogado mediante adenda subscrita o 17 de decembro de 2019 pola que se amplía o prazo de vixencia do convenio ata o 31 de decembro de 2020.

Segundo a Orde de 5 de xuño de 2018, pola que se determina a época de perigo alto de incendios, a época declarada de perigo alta declarada de perigo alto compréndese entre o 1 de xullo e o 30 de setembro, por tal motivo é a urxencia do proceso.

Polo tanto, considérase por esta alcaldía, que a contratación de 1 xefe de brigada de prevención, vixilancia e defensa contra os incendios forestais, e 4 peóns de brigada de prevención, vixilancia e defensa contra os incendios forestais de prevención, é unha necesidade e urxente e inaprazable, que afecta ao funcionamento dun servizo público.

Tendo en conta as atribucións que me confiren os artigos 21.1.g) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, e o disposto no artigo 15 do Texto Refundido de la Ley del Estatuto de los Trabajadores, Real Decreto Legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Ley del Estatuto de los Trabajadores, incócese, con carácter urxente, o expediente para a elaboración das correspondentes bases de selección para a contratación laboral temporal mediante contrato de obra ou servizo determinado de 1 xefe de brigada de prevención, vixilancia e defensa contra os incendios forestais, e 4 peóns de brigada de prevención, vixilancia e defensa contra os incendios forestais.

**RESOLVO:**

**PRIMEIRO.-**Aprobar as seguintes Bases de selección:

**“BASES PARA A PROVISIÓN DE 4 PRAZAS DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL DE PEÓN DE BRIGADA DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS (3 PRAZAS DE PEÓN DE BRIGADA E 1 PRAZA DE PEÓN CONDUCTOR),**

**PRIMEIRA.- OBXECTO DA CONVOCATORIA E XUSTIFICACIÓN.-**

1.- O obxecto desta convocatoria é a contratación do persoal laboral temporal de 4 peóns (1 peón conductor e 3 peóns de brigada). Realizarase tamén unha bolsa de reserva para cubrir posibles baixas, renuncias, vacacións, etc.

As retribucións dos peóns e peóns/condutores será de 1.287,40 (incluída a prorrata da paga extraordinaria).



Con carácter xeral, a modalidade contractual será de obra ou servizo determinado establecéndose un período de proba de 15 días.

As persoas que resulten seleccionadas estarán sometidas ó réxime de incompatibilidades que determina a lexislación do empregado público de Galicia.

As funcións a desenvolver polos membros da brigada virán determinadas polo correspondente Convenio de Colaboración que se subscriba entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de Coristanco. As funcións a desenvolver serán:

-As propias da brigada de prevención e defensa contra incendios, conforme ao anexo. Accións de prevención e defensa contra os incendios Forestais a executar pola entidade local de CORISTANCO no marco deste convenio durante o ano 2020, así como ao desenvolvido no propio convenio subscrito.

*Segundo a base oitava .9 do convenio asinado, "A brigada integrarase no dispositivo de emerxencias do Distrito Forestal onde se sitúe a entidade local, priorizando a actuación da brigada na extinción de incendios forestais respecto de outros traballos, segundo o disposto no artigo 47 da Lei 43/2003, de montes e no artigo 48.6 da Lei 3/2007, de prevención e defensa contra os incendios forestais. Asímesmo, cando concorran razóns extraordinarias de emerxencia, o órgano autonómico poderá decidir a mobilización destes medios fóra do seu termo municipal, conforme ao previsto no PLADIGA no que expresamente se prevé como se producirá a coordinación en tales supostos.*

Os membros da brigada deberán ter plena dispoñibilidade (incluíndo domingos, festivos, quendas de noite...segundo as necesidades do servizo).

2.- As presentes bases se confeccionan tendo en conta que nos últimos anos se veñen formalizando convenios de colaboración, coa Consellería do Medio Rural para a prevención e defensa contra os incendios forestais, que esixen, para o seu cumprimento, da selección de persoal laboral temporal.

3. De conformidade ca Lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común, e en coherencia coa necesidade urxente que pretende cubrirse, o procedemento tramítase de **urxencia**.

#### **SEGUNDA.- TIPO E DURACIÓN DA PROVISIÓN.**

A modalidade de contratación será a de contrato de traballo de duración determinada a xornada completa.

A duración do contrato será de 3 meses

#### **TERCEIRA.- SISTEMA SELECTIVO.**

A selección do persoal laboral temporal realizarase mediante un procedemento áxil que respectará en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade, publicidade, transparencia, obxectividade, eficacia, eficiencia e axilidade.

As probas selectivas realizaranse polo sistema de concurso-oposición libre.

#### **CUARTA.- REQUISITOS DOS ASPIRANTES**

1. Serán requisitos mínimos dos aspirantes a esta selección de persoal:

- Tera nacionalidade española, sen prexuízo de ter outra nacionalidade que lle permita o acceso ó



emprego público de conformidade co disposto no artigo 52 Lei2/2015 do emprego público de Galicia.

- Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas. As persoas con algunha discapacidade deberán facelo constar na súa solicitude, sinalando se precisan de adaptación das probas.

A discapacidade e a súa compatibilidade acreditaranse con certificación expedido polo organismo correspondente.

- Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, se é o caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

- *Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que tivese sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.*

#### **PARA OS/AS ASPIRANTES A PEÓN BRIGADISTA-CONDUTOR, POSUÍR O CERTIFICADO DE ESCOLARIDADE OU EQUIVALENTE.**

**Posuír o carné de conducir B en vigor.**

**- Paraos/as aspirantes a peón brigadista, posuír o certificado de escolaridade ou equivalente.**

2. Os anteriores requisitos deberanse reunir con referencia ó último día de prazo de presentación das solicitudes.

#### **QUINTA.- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E ADMISIÓN DE ASPIRANTES.**

As solicitudes para tomar parte nas probas selectivas presentarse conforme ó modelo que figura no anexo I e dirixiranse ó alcalde da corporación expresando que reúnen tódolos requisitos esixidos na base anterior.

As instancias, xunto coa documentación precisa tamén poderán remitirse na forma prevista no artigo 16 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común, así como a través da Sede electrónica do Concello da Coristanco (<https://sede.coristanco.gal/opencms/gl/informacion/tablon>). No caso de non ser presentado no rexistro municipal, os aspirantes deberán remitir un fax (981733397) ou un e-mail a o seguinte: [correo@coristanco.gal](mailto:correo@coristanco.gal), coa copia da solicitude debidamente rexistrada dentro do prazo de presentación.

*O prazo de presentación de solicitudes de participación será de **4 días laborais**, contados a partir do seguinte ó da publicación do anuncio da convocatoria no BOP.*

Á instancia, conforme ó modelo que figura no anexo I, acompañarase inescusablemente da seguinte documentación:

- Copia do documento nacional de identidade, ou pasaporte.
- Copia do título académico e/ou carné de conducir B, segundo o posto.
- Copia dos documentos que acrediten os méritos alegados para a fase de concurso conforme á base sétima. Os méritos profesionais deberán acreditarse con copiados contratos de traballo e co informe da vida laboral ou, no caso de Administracións Públicas, co certificado expedido polo fedatario público da



correspondente Administración ou coa copia do nomeamento e o informe de vida laboral. Ademais, poderán achegarse certificados de empresa ou da Administración Pública para acreditar as concretas funcións dos traballos desenvoltos.

- Copia do certificado de iniciación ao galego ou certificado equivalente, co que os aspirantes quedarán exentos de facer o exame de galego.

A documentación poderá ser fotocopia, sen ser precisa a copia cotexada; se presumira documentación auténtica, e unicamente será requirida a presentación da documentación orixinal aos aspirantes que finalmente sexan seleccionados. No caso de detectarse falsidade documental, será motivo de exclusión do proceso.

Finalizado o prazo de presentación de instancias, o alcalde, mediante resolución, aprobará a lista provisional de admitidos e excluídos, así como a composición do tribunal; Publicarase no taboleiro de edictos, tamén poderase publicar na sede electrónica e na páxina web do concello, relacionándose os aspirantes excluídos con indicación da causa da súa exclusión.

Os aspirantes disporán dun prazo de 10 días hábiles para a subsanación, no seu caso, das deficiencias que se sinalen. Estas subsanacións serán aceptadas ou rexeitadas na resolución que aprobe a lista definitiva, así como o lugar, a data e a hora de realización do primeiro exercicio, que se publicará no taboleiro de edictos e na páxina web do concello. Contra a resolución na que se declare a lista definitiva de admitidos e excluídos, poderase interpoñer potestativamente recurso de reposición ante o órgano que ditou o acto, no prazo dun mes, ou directamente recurso de contencioso-administrativo ante a xurisdición contenciosa- administrativa, no prazo de dous meses. Os prazos cóntanse a partir do día seguinte ó da publicación no taboleiro de edictos e na páxina web do concello.

O resto das resolucións **serán expostas no taboleiro de edictos e tamén na páxina web do Concello e na sede electrónica**. Os prazos computan dende a publicación na páxina web.

#### SEXTA.- TRIBUNAL CUALIFICADOR.

1. O tribunal cualificador designado pola alcaldía (en virtude do artigo 21.1.g) da Lei 7/1985 reguladora das bases do réxime local), en base ó establecido pola Lei 2/2015 do emprego público de Galicia, estará integrado polos seguintes membros:

- Presidenta/e (titular e suplente): Unha/un funcionaria/o de carreira, ou persoal laboral fixo pertencente a un corpo ou escala para ingreso no cal se requira titulación igual ou superior á de agora esixida.
- Vogais (titulares e suplentes): Tres funcionarias/os de carreira ou persoal laboral fixo pertencentes a un corpo ou escala para ingreso no cal se requira titulación igual ou superior á de agora esixida.
- Secretaria/o: unha/un funcionaria/o de carreira ou persoal laboral fixo pertencente a un corpo ou escala para ingreso no cal se requira titulación igual ou superior á de agora esixida.

2. O tribunal non poderá constituírse, nin actuar sen a presenza, a lo menos, de tres de seus membros, titulares ou suplentes, debendo estar presentes en todo caso o presidente e o secretario ou persoas en quen deleguen. De tódalas reunións que faga o tribunal, o/a secretario/a redactará a correspondente acta.

3. Os membros do tribunal absteranse de intervir e o comunicarán á autoridade convocante cando conorra algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015 de réxime xurídico das



Administracións Públicas. Os aspirantes poderán recusar ós membros do tribunal cando concorran aquelas circunstancias.

4. O tribunal resolverá tódalas dúbidas que xurdan en aplicación das presentes normas así como nos casos non previstos polas mesmas.

5. O tribunal poderá dispoñer a incorporación ós seus traballos de asesores, con voz e sen voto, para as probas en que así o estimen necesario ou conveniente.

### **SÉTIMA.- COMEZO E DESENVOLVEMENTO DA FASE DE CONCURSO-OPOSICIÓN.**

A selección realizarase de conformidade co previsto nas presentes bases, polo sistema de concurso-oposición libre, cos candidatos que no prazo establecido presentaran a súa documentación.

En primeiro lugar procederase á fase de concurso, dando publicidade aos resultados obtidos nesta fase, concedendo prazo de alegacións de 2 días hábiles dende a publicación da listaxe dos méritos. Asimesmo, publicada a realción definitiva de méritos, publicarase o lugar, data e hora de inicio da fase de oposición, así como a designación dos membros do tribunal.

Os aspirantes convocaranse para cada exercicio enchamamento único, sendo excluídos da oposición os que non comparezan, agás nos casos debidamente xustificadas e apreciadas discrecionalmente polo tribunal.

A orde de actuación dos/as aspirantes iniciarase alfabeticamente por aqueles cuxo primeiro apelido empece pola letra "S", de conformidade co establecido na Resolución do 8 de xaneiro de 2020, da Consellería de Facenda (DOG núm.12, do 20 de xaneiro) e do establecido no artigo 9 do Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, o día 30 de xaneiro de 2020. De non contar aspirantes cuxo primeiro apelido empece pola letra indicada, iniciarase a orde de actuación pola letra ou letras seguintes.

Os aspirantes deberán acreditar a súa personalidade coa exhibición do documento nacional de identidade ou pasaporte.

O tribunal publicará os anuncios de celebración do segundo exercicio no taboleiro de edictos e tamén poderá publicalo na páxina web do concello.

A cualificación dos exercicios e o resultado do proceso selectivo farase públicamente mediante a publicación da correspondente acta/anuncio do tribunal no taboleiro de edictos e na páxina web do concello.

A puntuación definitiva, para aqueles que superen a fase de oposición, estará determinada pola suma das puntuacións obtidas na fase de concurso e na fase de oposición. En caso de empate, terá preferencia aquel aspirante que obteña mellor capacidade aeróbica na proba de aptitude física. De persistir o empate, o tribunal realizará un sorteo para decidir a orde dos aspirantes.

Para a puntuación da fase de concurso terase en conta o estipulado na cláusula quinta destas bases.



### **Fase de concurso (puntuación máxima 6 puntos).**

Experiencia laboral: máximo 3 puntos.

Por acreditar experiencia laboral na administración pública ou empresa privada como persoal integrado no servizo de extinción de incendios .....0,20 puntos por mes traballado.

Compútanse un mes de servizo de trinta días. Cando o contrato sexa a xornadas inferiores a trinta días poderanse acumular varios contratos ata acadar trinta días para computar como mes completo.

A experiencia profesional acreditarase coa copia compulsados contratos detraballo e informe da vida laboral actualizado.

Formación: máximo de 3 puntos.

Cursos de formación relacionados coas funcións propias do posto de traballo a desenvolver, impartidos por organismos ou institucións oficiais dependentes das administracións públicas ou homologados por estas: ata un máximo de 2puntos.

- ✓ Duración igual ou superior a 50 horas.....0,25puntos/curso.
- ✓ Duración igual ou superior a150 horas.....0,50puntos/curso.
- ✓ Duración igual ou superior a 300 horas.....0,75puntos/curso.

Formación en materia de prevención de riscos laborais de 20horas ou mais impartidos por entidades ou empresas homologadas pola Administración..... 0,20 puntos/curso, ata un máximo de 1 punto.

Non se valorarán os cursos que non especifiquen o número de horas.

A oposición constará de dous exercicios, de carácter obrigatorio e eliminatorio. E un terceiro exercicio, que será aproba de galego obrigatorio para quen non acredite mediante documento os coñecementos de galego.

### **PRIMEIRO EXERCICIO.-**

Exercicio práctico consistente na realización dunha proba de aptitude física. Realizarase a proba do banco conforme ao establecido no Convenio asinado con Medio Rural. Califícase como APTO/NON APTO. Só se permite un intento.

Na páxina web do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación existe unha recomendación técnica sobre procedementos para a elección de persoal para a extinción de incendios forestais onde se describen os procedementos para os bloques de saúde e condición física:

[https://www.mapa.gob.es/es/desarrollo-rural/temas/politica-forestal/incendiosforestales/seguridad/seleccion\\_personal\\_formacion\\_seguridad.aspx](https://www.mapa.gob.es/es/desarrollo-rural/temas/politica-forestal/incendiosforestales/seguridad/seleccion_personal_formacion_seguridad.aspx), que é a se vai a seguir.

Antes da súa realización, darase información detallada ós aspirantes do desenvolvemento e forma de valoración da proba a realizar. A tal efecto, os aspirantes deberán asinar unha declaración conforme ó seguinte modelo:

“-Que coñece e foi informado do desenvolvemento e forma de valoración da proba de aptitude física a realizar -a proba do banco-

- Que, en consonancia e reiterando a instancia de participación xa presentada, declara baixo a súa



responsabilidade que reúne as condicións físicas e de saúde necesarias para a realización da proba de aptitude física -a proba do banco-".

Para o seu cálculo usaranse as táboas empregadas pola Xunta de Galicia segundo a: "RESOLUCIÓN de 30 de enero de 2007, de la Dirección General de la Función Pública, por la que se abre el plazo de presentación de solicitudes para la elaboración de las listas reguladas por el Decreto 5/2007, de 25 de enero, por el que se modifica el Decreto 37/2006, de 2 de marzo, correspondientes a determinadas categorías de personal laboral de los servicios de prevención y defensa contra incendios forestales y de personal del Plan Infoga").

#### **SEGUNDO EJERCICIO.-Máximo 10 puntos.**

Exame práctico que consistirá en responder a un cuestionario a desenvolver no tempo máximo de 60 minutos, referentes ó temario que figura como anexo III a esta convocatoria. Este exercicio valorarase cun máximo de 10 (dez)puntos.

Puntuarase esta proba de 0 a 10 puntos, considerándose non aptos os candidatos que non alcancen un mínimo de 5 (cinco)puntos.

#### **TERCER EJERCICIO.-**

En aplicación do previsto no artigo 51.2 da Lei 2/2015 do emprego público de Galicia respecto da acreditación do galego, aquelas persoas que non acrediten o certificado de iniciación ao galego ou equivalente, terán unha proba de galego, que será cualificada como apto ou non apto. Quedarán exentas da realización desta proba aquelas persoas que acrediten, coa presentación da instancia, estar en posesión do certificado de iniciación ou e quivalente.

Se o tribunal o considera conveniente, poderá acordar a celebración dos dous exercicios da fase de oposición nunha mesma xornada, concedéndolles aos/ás opositores/as un descanso mínimo de trinta minutos entre a celebración deles, agás renuncia expresa, ou na xornada seguinte deixando transcorrer un prazo mínimo de 12 horas.

#### **OITAVA.- FORMACIÓN DE LISTAS DE ASPIRANTES**

Na acta da última sesión do tribunal de selección incluíranse dúas listas (peón de brigada-condutor e outra de peón de brigada) dos/as aspirantes por orde de Maior a menor puntuación obtida da sumado concurso e da oposición.

A acta do tribunal de selección elevarase á alcaldía para que dite a resolución de aprobación das dúas listas de aspirantes.

Os aspirantes contidos nas ditas listas poderán ser contratados durante a súa vixencia sempre e cando, antes da súa contratación, superen e acrediten os extremos requiridos no correspondente convenio de colaboración coa Consellería do Medio Rural e do Mar e sempre que sexa posible a súa cobertura de conformidade cos requisitos esixidos pola normativa e previa acreditación no expediente da existencia de crédito adecuado e suficiente para esta finalidade.

Segundo a base oitava do convenio asinado, previa á contratación do persoal integrante da brigadase realizará un recoñecemento médico e unha proba física de esforzo para garantir as súas condicións de saúde para o traballo a realizar. A entidade local será responsable de que só se incorporen os brigadistas



que superen o recoñecemento médico e as probas de esforzo según esta recomendación técnica.

Tamén deberán presentar unha declaración xurada de non estar incurso en incompatibilidade para ser persoal das Administracións Públicas e non ter sido separado nin inhabilitado do servizo público.

A bolsa de reserva terá vixencia ata 3 anos. O funcionamento das bolsas rexeráse polas seguintes normas: Os chamamentos realizaranse por vía telefónica. En aras de garantir este procedemento o/a interesado/a deberá comunicar ó concello, baixo a súa responsabilidade, calquera alteración do número de contacto, aínda que esta alteración teña carácter transitorio, e como mínimo realizaranse dúas chamadas.

O empregado público que realice o chamamento o fará constar mediante dilixencia indicando a disposición ou non do aspirante a ser contratado, e sen prexuízo de que o aspirante o comunique tamén de xeito formal. De non atender ó chamamento, unha vez realizadas como mínimo dúas chamadas, entenderase que o aspirante non ten disposición de ser contratado.

De manifestar a súa disposición, á alcaldía ditará resolución de requirimento-a resolución será publicada na páxina web do concello e desde ese momento empezarán a contar os correspondentes prazos (sen prexuízo da posibilidade de comunicar tamén dita circunstancia por vía telefónica ou por correo electrónico)- para que acrediten e, no seu caso, superen os extremos requiridos no correspondente convenio, presenten certificado médico en impreso oficial do Colexio de Médicos e asinado por un colexiado en exercicio no que conste expresamente que teñen a capacidade funcional necesaria para traballar nas brigadas de prevención, vixilancia e defensa contra os incendios forestais e declaración xurada de non estar incurso en incompatibilidade para ser persoal das Administracións Públicas e non ter sido separado nin inhabilitado do servizo público.

Se no prazo que se sinala, o aspirante non presenta a documentación requirida, non acredita ou, no seu caso, non supera os extremos requiridos, pasará a ocupar o último lugar dalista de aspirantes, salvo que poida acreditar un suposto de forza maior (entenderase por forza maior, entre outros, estar desempeñando actividade laboral no sector público ou privado debidamente acreditado).

De non manifestar a súa disposición, pasarase a chamar ó seguinte aspirante da lista.

#### **NOVENA.- INTERPRETACIÓN DAS BASES**

O Tribunal queda autorizado para resolvelas dúbidas que se presenten e adoptalos acordos necesarios para boa orde do proceso selectivo en todo ó non previsto nestas bases.

#### **DÉCIMA.- RECURSOS**

A resolución de alcaldía que aproba as presentes bases pon fin á vía administrativa e contra a mesma poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante os xulgados do contencioso administrativo, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da publicación do anuncio do proceso selectivo no boletín oficial da provincia da Coruña, segundo o art. 46.1 da Lei 29/1998 de 13 de xullo da xurisdición contencioso-administrativa. Así mesmo, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante o alcalde-presidente, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio do proceso selectivo na web (artigos 123 e 124 da Lei 39/2015 do procedemento administrativo común). No caso de que se interpoña o recurso potestativo de reposición, ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación presunta, non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo.





## ANEXO I

D/Dona \_\_\_\_\_ con data de nacemento  
\_\_\_\_\_ con DNI núm. \_\_\_\_\_ e con domicilio en \_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_, C.P. \_\_\_\_\_, teléfono: \_\_\_\_\_  
correo electrónico \_\_\_\_\_, ante o sr.alcalde-presidente do  
Concello de Coristanco

## COMPAREZCO E DECLARO RESPONSABLEMENTE:

- a) Que coñece e acepta as bases que van a rexer a creación de dúas listas de aspirantes (peón de brigada - condutor e outra de peón de brigada) a persoal laboral temporal como brigadistas de prevención, vixilancia e defensa contra os incendios forestais, mediante o sistema de concurso-oposición libre.
- b) Que desexa ser admitido ás probas selectivas convocadas que indica a continuación.
- c) Que son certos os datos obrantes nela e, de ser necesario, se compromete a probar documentalmente tódolos datos que figuran nesta solicitude.
- d) Non padecer enfermidade ou defecto físico/psíquico, que impida o desempeño das funcións ou tarefas correspondentes á praza a que se opta.
- e) Non estar incurso en causa de incapacidade ou incompatibilidade que determine a lexislación vixente.
- f) Non estar separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera Administración Pública, nin estar inhabilitado para o exercicio das funcións por sentenza firme.
- g) Que xunta á presente:

\_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_

## SOLICITA

que se teña por presentada esta solicitude e sexa admitido ás probas de (marcar cun x o que proceda):

\_\_\_ Peón de brigada-condutor \_\_\_ Peón de brigada

En \_\_\_\_\_, de \_\_\_\_\_ de 20\_\_

Asdo.: \_\_\_\_\_



## ANEXO II

- 1.-A Constitución Española de 1978: Dereitos e deberes fundamentais dos españois.
- 2.- O Municipio. Peculiaridades do Municipio da Coristanco.
- 3.-Conceptos básicos en prevención de riscos laborais.
- 4.-A defensa contra os incendios forestais en Galicia.
- 5.- Primeiros auxilios.

ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE CORISTANCO”

**SEGUNDO.-** Publicar o anuncio de aprobación das presentes bases no BOP, publicalas na páxina web do Concello de Coristanco e na sede electrónica (<https://sede.coristanco.gal/opencms/gl/informacion/tablon>).

O prazo de presentación de instancia computa dende o día seguinte á publicación do anuncio no BOP. anuncio

*Coristanco, asinado electrónicamente polo alcalde, Juan Carlos García Pose, e a secretaria municipal, Elena González López, na/s data/s que figuran nas sinaturas electrónicas.*